<p>▪ m ▪ e</p>	<p>▪ B2.2. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.</p>	<p>▪ B2.2. Empregar a aserción.</p>	<p>▪ VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.</p>	<p>▪ CCL ▪ CSC</p>	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º		
<p>▪ c ▪ m</p>	<p>▪ B2.3. A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.</p>	<p>▪ B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.</p>	<p>▪ VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.</p>	<p>▪ CSC</p>			Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
<p>▪ a</p>	<p>▪ B2.4. O respecto, a tolerancia e a valoración</p>	<p>▪ B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as</p>	<p>▪ VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.</p>	<p>▪ CSC ▪ CSIEE</p>	Rexistro Observación	1º, 2º e 3º		

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS			CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
	das demais persoas. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. <ul style="list-style-type: none"> B2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio. 	diferenzas.	<ul style="list-style-type: none"> VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	directa Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
<ul style="list-style-type: none"> c m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS						
<ul style="list-style-type: none"> b m 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS			CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
	<p>e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.</p> <ul style="list-style-type: none"> B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións. 					
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos. B3.4. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.1. A moso boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
<ul style="list-style-type: none"> a 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Elaboración de normas de convivencia da 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Exposición oral	1º, 2º e 3º

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS			CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
	aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.	comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Debate	1º, 2º e 3º
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
<ul style="list-style-type: none"> c 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.2. escoita as razóns das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE CSC 	Exposición oral	1º, 2º e 3º
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Exposición oral	1º, 2º e 3º
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL 	Exposición oral	1º, 2º e 3º

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS			CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
			sentimentos básicos das partes.			
▪ a	▪ B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	▪ B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.	▪ VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.	▪ CSC ▪ CCAC	Análise de tarefas	2º e 3º
			▪ VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.	▪ CSC ▪ CL ▪ CSIEE	Exposición oral	2º e 3º
			▪ VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	▪ CSC	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
▪ d ▪ m	▪ B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.	▪ B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	▪ VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	▪ CSC ▪ CCL	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
			▪ VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	▪ CSC ▪ CSIEE	Rexistro Observación directa	1º, 2º e 3º
▪ c	▪ B3.9. Hábitos de	▪ B3.7. Tomar medidas preventivas,	▪ VSCB3.7.1. Valora a	▪ CSIEE	Debate	1º, 2º e 3º

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS			CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
▪ k	prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico. ▪ B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.	valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.			
			▪ VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	▪ CCL ▪ CSIEE	Debate	1º, 2º e 3º
			▪ VSCB3.7.3. Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	▪ CCL ▪ CSC	Exposición oral	1º, 2º e 3º

EDUCACIÓN PLÁSTICA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL						1º, 2º e 3º
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.). ▪ B1.2. Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	Exposición oral	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos. ▪ B1.4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística. ▪ B1.5. Descrición de imaxes presentes no contexto. ▪ B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. ▪ EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CCEC 	Observación	Observación

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
	imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.).					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas. ▪ B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.1. Realiza debuxos e coloreas con diferentes tonalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Rexistro	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Análise das tarefas	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. ▪ B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Rexistro	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Observación	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamento etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	Observación	
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA						1º, 2º e 3º
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Exploración de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Representar de forma persoal 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.1. Manexa en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Observación	

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<p>cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes.</p>	<p>ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</p>	<p>produccións propias as posibilidades que adoptan as cores.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	Observación	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	Rexistro	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	Exposición oral	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ J ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Rexistro	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC 	Análise dos traballos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Elaboración de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar composicións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.3.1. Practica con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	Observación	

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
▪ b	debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. ▪ B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares.	bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.	precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.	▪ CAA		
			▪ EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.	▪ CCEC ▪ CAA	Observación	
▪ j ▪ g	▪ B2.5. Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.). ▪ B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume.	▪ B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas.	▪ EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	▪ CCEC ▪ CAA	Observación	
			▪ EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regla e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.	▪ CCEC ▪ CAA	Análise da tarefa	
			▪ EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.	▪ CCEC ▪ CAA	Análise da tarefa	
▪ j ▪ h	▪ B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana.	▪ B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana.	▪ EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	▪ CCEC ▪ CMCCT	Observación	
▪ j ▪ i	▪ B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.	▪ B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	▪ EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	▪ CCEC	Análise da tarefa	
			▪ EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	▪ CCEC ▪ CD	Rexistro	

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. ▪ B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	Observación	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. ▪ B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.8.1. Amona interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	Observación	

6- TEMPORALIZACIÓN

Exposta na programación didáctica de cada área curricular.

7- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación: un proceso integral

Entendemos a avaliación como un proceso integral, en que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos, análise do proceso de ensinanza e da práctica docente.

A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:

- Continua e global, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Contémplanse tres modalidades:
 - *Avaliación inicial.* Proporciona datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
 - *Avaliación formativa.* Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.
 - *Avaliación sumativa.* Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.
- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- Integradora, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- Orientadora, dado que aporta ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

8- Mínimos exixibles para o logro das competencias básicas

**GRAO DE ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES EN RELACIÓN COS
OBXECTIVOS DO CURSO E O DESENVOLVEMENTO DAS**

COMPETENCIAS BÁSICAS

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA	1	2	3	4	5
Comprende distintos tipos de mensaxes orais e realiza as accións que se lle indican.					
Participa de forma constructiva en diferentes situacións de comunicación: assembleas, diálogos, respectando o turno de palabra e as opinións dos demais, expresándose cun vocabulario axeitado.					
Memoriza e reproduce poemas, cancións, contos, adiviñas,...					
Le comprensivamente textos axeitados ó seu nivel					
Le con ritmo, velocidade e entoación.					
Domina o grafismo. Ten unha escritura axeitada e copia palabras e frases.					
Comprende palabras e mensaxes breves.					
Valora os diferentes tipos de linguaxe: xestual, oral e escrito.					
VALORACIÓN GLOBAL DO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA					

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA	1	2	3	4	5
Le, escribe e ordena números naturais ata o 99					

Utiliza relacións de orden: número anterior e posterior a un dado.					
Emprega relacións de equivalencia. $>$, $<$ e $=$					
Identifica o número de orde dos números e a súa posición, identificando as unidades e decenas.					
Aplica na resolución de problemas as operacións de suma (sin levar ou levando) e de restar (sen levadas).					
Aplica a lóxica e continúa series crecentes. Resolve problemas, aplicando a lóxica e reflexionando sobre o resultado.					
Realiza e compara medicións con diversos instrumentos. Identifica as unidades de tempo: día, semana, mes, ano.					
Recoñece e representa rectas, curvas. Identifica as principais figuras xeométricas: cuadrado, triángulo, polígono, no seu entorno.					
Identifica e recoñece ósos e articulacións do seu corpo.					
Coñece e identifica elementos da súa localidade e comarca: os ríos, a vexetación, os seres vivos,...					
Adopta comportamentos de protección do medio na vida cotiá.					
Coñece os movementos da terra e a súa influencia: día/noite...					
Identifica a trayectoria do sol, sucesión día/noche, estacións,...					
Coñece a organización de grupos sociais do seu entorno: familiar, escolar e participa de forma responsable nas tarefas que se lle encomendan.					
Identifica diferentes medios de comunicación e de transporte.					
VALORACIÓN GLOBAL DO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA					

COMPETENCIA DIXITAL	1	2	3	4	5
Amosa interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.					
Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación na procura de información.					
Emprega as TIC para afianzar coñecementos nas distintas áreas do currículo.					
VALORACIÓN GLOBAL DO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA					

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA	1	2	3	4	5
Participa activamente nas actividades da aula e do centro.					
Coñece e respeta os seus dereitos e deberes.					
Expressa a súa opinión. escoita e valora as opinións dos demais, mostrando unha actitude de respecto.					
Participa na toma de decisións do grupo, utilizando o diálogo para favorecer os acordos e asumir as súas obrigas e respectando a quenda.					
Mostra respecto polas diferenzas e as características persoais propias e dos seus compañeiros/as.					
Acepta a corrección en caso de equivocación e asume responsabilidades.					
Ten adquiridos hábitos de saúde, de hixiene e de alimentación.					
VALORACIÓN GLOBAL DO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA					

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI	1	2	3	4	5
Coñece e utiliza as distintas linguaxes artísticas: plástica, visual, musical e corporal.					
Utiliza e valora os elementos da linguaxe visual: forma, tamaño, color, textura, volume e liña.					

Emprega distintas técnicas nas composicións plástica: ceras, pinturas, témperas, ...					
Explora as posibilidades sonoras de obxectos cotiás e de instrumentos musicais.					
Reproduce esquemas rítmicos ou melódicos.					
Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados.					
Mostra unha actitude de atención e relaxación na escoita de distintas obras musicais populares, clásicas,..					
Participa en manifestacións artísticas e culturais e respecta os gustos artísticos de outras persoas.					
Valora a cultura propia e a allea.					
VALORACIÓN GLOBAL DO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA					

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	1	2	3	4	5
Aprende a coñecerse a si mesmo/a					
Ten ansia de superación, esfórzase por aprender e mellorar en todos os aspectos.					
Adquire hábitos de traballo: trae habitualmente o material, é organizado, realiza as tarefas que se lle encomendan, estudia a diario.					
Utiliza a lectura como medio de obter información.					
Emprega as tecnoloxías da comunicación e a información para aprender a aprender e para comunicarse.					
VALORACIÓN GLOBAL DO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA					

COMPETENCIA DE SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR	1	2	3	4	5
Mostra unha actitude de esforzo persoal e actúa de forma coordinada e cooperativa co grupo.					
Mostra interese, creatividade e iniciativa persoal na resolución de tarefas.					

É autónomo na planificación, toma de decisións e realización das tarefas.					
Adopta hábitos de limpeza, saúde, aseo e alimentación. Respetando as diferenzas persoais ou culturais do grupo.					
VALORACIÓN GLOBAL DO DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA					

9- Procedementos de avaliación

Coa necesidade de unificar a ponderación dos diferentes criterios de avaliación, estimamos oportuno asumir como válidos as porcentaxes seguintes:

Un 50% da nota final da avaliación dependerá das notas obtidas nas **diferentes probas (controis, exames...)**, tanto orais coma escritas.

O **30% Traballo persoal diario** (cadernos, tarefas, traballos individuais ou colectivos, exposición dos mesmos,...).

Un **10% limpeza nas tarefas,tarefas ou traballos realizados fora da aula.**

E o **10%** restante a **actitude e interés.**

Con respecto a avaliación das competencias claves, ó final do curso a cada alumno asignaráselle unha cualificación de 0 a 10 para cada unha delas. Esta cualificación obterase coa media das notas recollidas en cada unidade en base ós indicadores de desempeño escollidos e sinalados no desenvolvemento das unidades didácticas do apartado anterior.

10- Instrumentos de avaliación

Os instrumentos que empregamos para a **avaliación** son os seguintes:

-A observación directa na aula

- Unha folla de rexistro onde tomamos nota:

- dos resultados das probas escritas e orais.
- das faltas de exercicios
- do caderno
- da participación e o interese posto na área
- da realización dos traballos
- Os exames escritos para comprobar o grado de asimilación dos contidos.

Observación sistemática:

- Escala de observación.
- Rexistro anecdótico persoal.
- **Análise das producións dos alumnos:**
 - Caderno de clase.
 - Textos escritos.
 - Producións orais.
- **Intercambios orais cos alumnos:**
 - Diálogo.
 - Entrevista.
 - Postas en común.
 - Asembleas.

11- Actividades de reforzo

Basarémonos na realización de diferentes fichas de aprendizaxe que están ao alcance do nivel cognitivo do alumnado, xa sexan de reforzo ou ampliación, para que poida ir adquirindo as competencias claves e os obxectivos e contidos básicos de cada unidade de traballo.

Tamén necesitaremos dos especialistas de Audición e Linguaxe ou de Pedagogía Terapéutica se observamos que a consecución dos obxectivos vaia a resultar máis difícil, xa sexa coa súa colaboración dentro ou fóra da aula.

12- Metodoloxía didáctica, considerando as competencias básicas como elemento organizador

Desde a perspectiva psicolóxica:

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.

b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.

c) Favorecer a aprendizaxe autónoma.

- Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnos e das alumnas, desde o saber cotián ata o saber científico.

d) Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente .

Desde a perspectiva pedagóxica:

a) Partir da avaliación inicial, específica e global.

- Das súas aptitudes e actitudes.
- Das súas necesidades e intereses.
- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.

b) Motivar axeitadamente.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

c) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e a modelación dos roles máis adecuados.

- Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
- Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
- Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.

d) Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.

- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
- Respectando os demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da

diversidade.

Durante este curso 2021/22 adaptarase a metodoloxía empregada segundo as necesidades que vaian xurdindo con motivo do COVID-19. Utilizarase a docencia telemática e a aula virtual se nalgún momento no trascurso do curso é necesario pola aparición dalgún contaxio.

13- Materiais e recursos didácticos, incluídos os libros de texto

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Libro do alumno.
- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Materiais: xogos de mesa, puzzles, letras móbiles, xogos de sumas e de lectoescritura, contos...
- Murais, cancións.
 - Biblioteca do centro
 - O ordenador

14- Medidas de atención á diversidade

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria (NEE , TDAH , ACI ...) poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e os obxectivos e competencias , estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas .

As condicións de realización das avaliacións adaptaranse ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No caso deste curso en concreto teño un alumno que necesita adaptación metodolóxica, consiste no uso de LIBROS ADAPTADOS aos seus coñecementos e ás súas capacidades actuais.É un neno que xa presentaba dificultades en E.Infantil e, debido ao confinamento, o avance quedou frenado.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio

educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración , realizarase da forma máis temperá posible . O centro adoptará as medidas necesarias para facer realidade a identificación , valoración e intervención .

- **Programación de contidos e actividades.**

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades. Esta diferenciación de niveis responderá tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe como aos diverxentes intereses e motivacións dos alumnos.

- **Metodoloxías diversas.**

O mellor método de ensinanza para alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes e á inversa. As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias (distintos graos de coñecemento, identificación de dificultades anteriores...)

- **Material didáctico complementario.**

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral.

Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite actividades de reforzó ou ampliación, adaptar o ritmo e introducción de novos contidos...

15- Programación de Educación en Valores

Ao longo do curso desenvolveremos e fomentaremos diferentes actividades ou sesións relacionadas cos temas transversais como son:

Educación para a saúde, Educación vial, Educación para o consumidor, Educación sexual, Educación en igualdade, Educación do medio ambiente, Educación para a paz.

16- Accións de contribución ao proxecto lector

Nestes cursos traballarase dunha maneira activa e participativa. Ademais da lectura comprensiva, silenciosa e en voz alta, levarase a cabo o préstamo quincenal de libros da biblioteca.

Debido a que os alumnos/as se atopan iniciándose na lectura, os libros que se utilizarán

para o plan lector non se reducen a uns títulos en concreto, senón que se adaptarán ao momento evolutivo de cada alumno.

ACTIVIDADES PROXECTO LECTOR		
ACTIVIDADE	RESPONSABLES	PERÍODO
Lectura diaria na clase	Titores e profesorado encargado do grupo/clase.	Ao longo do curso
Lectura na biblioteca	Titores/ Mestre de garda	Ao longo do curso
Exposicións de libros	Equipo de Biblioteca	Nas distintas conmemoracións que se celebren e para introducir novidades
Contacontos	Equipo de Biblioteca, Editoriais	En momentos puntuais, cando sexa posible.
Mochilas viaxeiras	Equipo de Biblioteca, Normalización, Convivencia, profesorado colaborador	Ao longo do curso
Formación de usuarios	Equipo de biblioteca, profesorado colaborador	Ao longo do curso

PRÁCTICAS DE COMPRESIÓN

Antes da lectura:

- Establecemos prediccións sobre o texto
- Fomentamos as preguntas sobre o texto.

Durante a lectura

- Estimular para formular hipótesis.
- Formular preguntas do tipo **sí** ou **non** e respondelas.
- Pensar en situacións análogas a episodios do texto e vividas por eles.

Despois da lectura

- Recordo ou parafrase.
- Dramatizar as esceas do texto creando os diálogos.

- Describir aos personaxes; imaxinar cómo se senten fronte a unha situación dada.
- Dramatizar o texto a través de títeres, teatro de mimos, marionetas.
- Crear unha coreografía se o texto o permite. Elixir a música apropiada.
- Crear poesías, cancións, pósters, dioramas, xogos e outras actividades de imaxinería creativa.

PRÁCTICAS DE FOMENTO DE LECTURA

- Suxerencias e recomendacións (presenciais, impresas, paneles),
- Presentacións de libros,
- Mochilas viaxeiras,
- Visitas de autores (escritores, ilustradores)-sempre que sexa posible.
- Exposicións.
- Xogos coa linguaxe
- Contar contos, historias e relatos.

17- Accións de contribución ao plan TIC

Usaremos as TICS e os seus programas básicos de informática para a búsqueda de información, de exploración, de coñecemento, de aprendizaxe, sempre en función da idade do alumnado.

Ao longo do curso, segundo as necesidades do grupo e o desenvolvemento das unidades, traballaremos na aula ou na aula de informática a través da AULA VIRTUAL posta en marcha este curso por se se producise un novo confinamento, de xeito que o alumnado se familiarice co uso da mesma en caso de necesidade.

18- Accións de contribución ao plan de convivencia

Desde a primeira sesión que estamos co grupo de alumnado, facemos fincapé na necesidade de aprender a convivir, a respectar e a saber estar co noso grupo, evitando as discriminacións, sexa por sexo, posibilidades e limitacións motrices, necesidades físicas, cognitivas, comunicativas, por amizades, etc...

Dentro do Plan de Convivencia do centro educativo, podemos afirmar que como docentes do centro temos un grao de responsabilidade no seu desenvolvemento, pois temos que ser un eixe principal á hora de levar a cabo unha óptima convivencia dentro da comunidade educativa.

19- Accións de contribución ao proxecto lingüístico

As nosas accións lingüísticas irán encamiñadas a desenvolver, practicar e mellorar a comunicación coa nosa comunidade educativa nos diferentes canles lingüísticos, como son: o galego, o castelán e o inglés. Facer fincapé na necesidade de comprender e expresarse nas diferentes linguas comunicativas por parte do noso alumnado, das familias e do grupo de docentes nas diferentes áreas curriculares.

20- Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso participaremos nas actividades complementarias e extraescolares que propoñan os equipos do centro ou o departamento de orientación.

Sinalar aquí que as actividades fora do recinto escolar aínda non están concretadas.

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Celebración do Samaín, o Magosto, Festival de Nadal	1º Trimestre
Celebración do Día da Paz, Entroido	2º Trimestre
Celebración das Letras Galegas, Fin de curso	3º Trimestre

21- Procedementos para avaliar a propia programación

Ao remate de curso realizarase unha avaliación atendendo a:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Adecuación das actividades ao alumnado ás que van dirixidas.
- Adecuación e suficiencia dos recursos.
- Adecuación da atención á diversidade.
- Valoración dos Proxectos Lector, Tics, Convivencia e Lingüístico.
- Temporalidade axeitada.
- Implicación de todos os participantes.

- Grao de satisfacción dos implicados.